

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 1 de decembro de 2023

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas e trinta minutos do día un de decembro do ano dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Marta Fernández-Tapias Núñez, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, José Carlos López Campos, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Non asiste o Vicepresidente *Rafael Domínguez Artime*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes a deputada *María Isabel Couselo Torres* e os deputados *Marcos Guisasola Padín* e *Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.33214.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 24 de novembro 2023.

2.33215.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE “SEGURO A TODO RISCO DE DANOS MATERIAIS EN INMOBLES DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, A TRAVÉS DUN CONTRATO BASEADO NO LOTE 2 (SEGURO DE DANOS MATERIAIS PARA ENTIDADES LOCAIS E ENTES DEPENDENTES CON RANGO SUPERIOR A 10.000 HABITANTES) DO ACORDO MARCO PARA A CONTRATACIÓN DE DETERMINADOS CONTRATOS DE SEGUROS, DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP”. (Expte. 2023066615)

Por acordo da Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do día 24 de novembro de 2023 aprobouse o expediente de contratación do Seguro a todo risco de danos materiais en inmobles da Deputación de Pontevedra, Contrato baseado no lote 2 (seguro de danos materiais para entidades locais e entes dependentes con rango superior a 10.000 habitantes) do Acordo Marco para a contratación de determinados contratos de seguros, da Central de Contratación da FEMP.



Para a presente contratación, en data 24 de novembro de 2023, invitouse á empresa BILBAO SEGUROS CIA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS que figura dentro do lote 2 do citado Acordo Marco para que presentase oferta a través da plataforma da Central de Contratación da FEMP.

En data 27 de novembro de 2023, unha vez presentada oferta pola empresa adxudicataria do Lote 2 do Acordo Marco, procédese a descriptación e descarga da mesma e remítese a documentación á empresa adxudicataria do servizo de mediación de riscos e seguros da Deputación de Pontevedra, WILLIS IBERIA CORREDURIA DE SEGUROS E REASEGUROS, S.A.

Visto o informe emitido pola empresa WILLIS IBERIA CORREDURIA DE SEGUROS E REASEGUROS, S.A (CSV: 2K3215YBBAAFZ34E), en data 27/11/2023, acórdase prestar conformidade ao mesmo.

Considerando que o artigo 227.2 da Lei 9/2017, de contratos del sector público (LCSP) establece que “*as centrais de contratación actuarán (...) celebrando Acordos Marco (.)*”, e no punto 4 establece que “*Nos acordos marco de contratación centralizada poderán celebrarse contratos baseados entre as empresas parte do acordo marco*”.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar á empresa *Bilbao Seguros Cia Anónima de Seguros y Reaseguros* o contrato de *Seguro a todo risco de danos materiais en inmobles da Deputación de Pontevedra*, mediante un Contrato baseado no lote 2 (seguro de danos materiais para entidades locais e entes dependentes con rango superior a 10.000 habitantes) do Acordo Marco para a contratación de determinados contratos de seguros, da Central de Contratación da FEMP, de acordo co seguinte detalle:

OFERTA ECONÓMICA (PRIMA)

| TASA PRIMA NETA OFERTADA | PRIMA NETA | IMPUESTOS | PRIMA TOTAL |
|--------------------------|-------------|-------------|-------------|
| 0,40% | 52.398,91 € | 17.275,51 € | 69.674,42 € |



INCREMENTO DOS LÍMITES/SUBLÍMITES DE INDEMNIZACIÓN, A PRIMERO RISCO ESTABLECIDOS NO PPT, DENTRO DA CLÁUSULA 10:

| GARANTÍAS | | CAPITALES PPT | Oferta |
|--|--|------------------------|--------------|
| 1 | Límite de indemnización | 30.000.000 € | No se inclúe |
| 2 | Robo y expoliación, o su tentativa | | |
| | <input type="checkbox"/> Del contenido | 30% S.A. | No se inclúe |
| | <input type="checkbox"/> Desperfectos por robo o su tentativa al continente: | 37.500 € | No se inclúe |
| | <input type="checkbox"/> Efectivo y valores depositados en caja fuerte: | 37.500 € | No se inclúe |
| | <input type="checkbox"/> Efectivo, talones y cheques bancarios no depositados en caja fuerte: | 6.250 € | No se inclúe |
| | <input type="checkbox"/> Efectivo durante su transporte: | 37.500 € | No se inclúe |
| | <input type="checkbox"/> Límite agregado anual para las garantías de efectivo: | 37.500 € | No se inclúe |
| <input type="checkbox"/> Infidelidad de sus empleados: | 15.000 € | No se inclúe | |
| 3 | Equipos electrónicos. | | No se inclúe |
| | <input type="checkbox"/> Daños a los equipos de proceso de datos | 750.000 € | |
| | <input type="checkbox"/> Daños a portadores externos de datos | 150.000 € | No se inclúe |
| | <input type="checkbox"/> Daños a otros equipos electrónicos | 150.000 € | No se inclúe |
| <input type="checkbox"/> Gastos Adicionales | 75.000 € | No se inclúe | |
| 4 | Bienes propiedad del personal: | 87.500 € | No se inclúe |
| 5 | Bienes de terceros: | 150.000 € | No se inclúe |
| 6 | Céspedes, árboles, plantas y arbustos que formen parte del recinto asegurado: A consecuencia de Incendio, Rayo o Explosión, así como daños causados por trabajos de salvamento y desescombros: | 187.500 € | No se inclúe |
| 7 | Superficies pavimentadas dentro de los recintos asegurados (Incendio, Rayo o Explosión). | 30.000 € | No se inclúe |
| 8 | Estatuas, fuentes y demás monumentos, ubicados en el exterior de construcciones cerradas dentro de los recintos asegurados (Incendio, Rayo o Explosión). | 30.000 € | No se inclúe |
| 9 | Vehículos en reposo (Incendio, Rayo o Explosión): | | |
| | - Vehículos en reposo dentro situaciones aseguradas: - Vehículos en reposo dentro situaciones aseguradas, pero a la intemperie: | 250.000 € 150.000 € | No se inclúe |
| 10 | Objetos de valor artístico y bienes de carácter histórico-artístico: | 1.000.000 € | No se inclúe |
| | Límite por pieza | 6.000 € | |
| 11 | Metálico dinero en efectivo para riesgos diferentes al robo y la expoliación: incluso cheques, sellos, timbre y efectos timbrados: | 20.000 € | No se inclúe |
| 12 | Rotura de cristales: | 30.000 € | No se inclúe |
| 13 | Reposición de documentos: Tales como archivos, expedientes, libros, planos, películas reveladas, diapositivas, cintas y similares que pudieran desaparecer o deteriorarse a causa de un siniestro: | 200.000 € | No se inclúe |
| 14 | Reposición, reobtención y transcripción de planos, diseños, patrones, moldes, modelos, matrices, archivos informáticos y sus portadores de datos: El coste de su reposición o reobtención: | 150.000 € | No se inclúe |
| 15 | Bienes temporalmente desplazados o depositados en otros locales: | 300.000 € | No se inclúe |
| 16 | Gastos incurridos para cortar, impedir o extinguir las consecuencias del siniestro incluido el coste por asistencia de bomberos: | 500.000 € | No se inclúe |
| 17 | Gastos de salvamento, desescombros, demolición, desembarre y extracción de lodos: | 1.000.000 € | No se inclúe |
| 18 | Gastos por la obtención de permisos y licencias: | 150.000 € | No se inclúe |
| 19 | Gastos y honorarios de peritos, ingenieros, auditores u otros para las operaciones de tasación (Perito del asegurado): | 62.500 € | No se inclúe |
| 20 | Gastos de desalojamiento provisional y forzoso: | 150.000 € | No se inclúe |
| 21 | Pérdida de Alquileres: | 100.000 € | No se inclúe |



| | | | |
|----|--|-----------|---------------|
| 22 | Obras menores: | 500.000 € | No se incluye |
| 23 | Gastos de Vigilancia para salvaguardar los bienes asegurados como consecuencia de un siniestro: | 25.000 € | No se incluye |
| 24 | Daños estéticos consistentes en los gastos necesarios para restablecer la composición estética del continente existente antes del siniestro: | 100.000 € | No se incluye |
| 25 | Daños Eléctricos por la electricidad o rayo en todo tipo de aparatos, centralitas, cuadros / armarios de control, eléctricos y/ o electrónicos: | 375.000 € | No se incluye |
| 26 | Gastos extraordinarios en que necesaria y razonablemente tenga que incurrir el Asegurado con el fin de seguir prestando el servicio público, incluyendo, por ejemplo, horas extraordinarias y transportes urgentes | 125.000 € | No se incluye |
| 27 | Mercancías en cámaras frigoríficas: | 60.000 € | No se incluye |
| 28 | Derrame de líquidos: | 62.500 € | No se incluye |
| 29 | Gastos de localización y reparación de averías: | 30.000 € | No se incluye |

INCLUSIÓN DE GARANTÍAS ADICIONAIS

| GARANTÍAS | OFERTA |
|--|--------|
| Inclusión de daños a bienes del mobiliario urbano en la vía pública, con cobertura IRE, con un límite de 10.000 € a primer riesgo por siniestro y año | NO |
| Inclusión de daños por actos vandálicos en bienes de mobiliario urbano situados en la vía pública con un límite 6.000 € a primer riesgo por siniestro y año | NO |
| Inclusión de daños a bienes (esculturas, monumentos, etc.) no mobiliario urbano, situados en la vía pública, con cobertura IRE, con un límite de 10.000 € a primer riesgo por siniestro y año | NO |
| Inclusión de daños a bienes (esculturas y monumentos) no mobiliario urbano, situados en vía pública, para la cobertura de daños por actos vandálicos, con un límite 6.000 € a primer riesgo por siniestro | NO |
| Ampliación de la cobertura de IRE para Mobiliario urbano, esculturas, monumentos, fuentes que se encuentren dentro del recinto de bienes asegurados y formen parte integrante del entorno inmediato o decoración de los recintos asegurados. | NO |
| Ampliación de la cobertura de IRE para Juegos Infantiles situados en el interior de los Parques Públicos | NO |
| Por actos vandálicos con límite de 6.000 € a primer riesgo por siniestro | NO |

REDUCCIÓN DE FRANQUÍAS

Redución de franquías:

| FRANQUICIA GENERAL ESTABLECIDA EN EL PPT | FRANQUICIA GENERAL OFERTADA |
|--|-----------------------------|
| 900 € | 0 € SIN FRANQUICIA |

Redución da franquía para la garantía de cristales:

| FRANQUICIA GARANTÍA CRISTALES PPT | FRANQUICIA GARANTÍA CRISTALES OFERTADA |
|-----------------------------------|--|
| 300 € | 0 € SIN FRANQUICIA |

2.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 69.674,42 €, con cargo á aplicación orzamentaria 24/922.9330.224.01, que quedará condicionado á aprobación do orzamento do ano 2024 e a existencia de crédito adecuado e suficiente no mesmo.

3. Nomear como responsable do contrato o Técnico adxunto á xefatura do Servizo de Contratación e Patrimonio, ou persoa na que delegue.



4. Comunicar esta resolución á adxudicataria a través da Plataforma informática da Central de Contratación, publicar esta resolución no Perfil do contratante da Deputación de Pontevedra e notificar a mesma conforme ao establecido na LCSP.

O contrato baseado despregará efectos desde a notificación da presente Resolución de adxudicación.

3.33216.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE “ARRENDAMENTO DUN LOCAL PARA EMPRAZAR A OFICINA PERIFÉRICA DO ORAL NO CONCELLO DE PONTEAREAS”. (Expte. 2023010415)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 28 de xullo de 2023, aprobou o expediente para a contratación privada, mediante concurso público, do arrendamento dun local destinado á oficina periférica do oral no concello de Ponteareas, concedendo ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante, para a presentación de proposicións.

O anuncio de licitación de dito procedemento publicouse no *Perfil de Contratación* da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, con data 01/09/2023. Na mesma data, publícanse no *Perfil de Contratación* os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 21/09/2023, procedeu á apertura electrónica e cualificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras.

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliábel mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do servizo do Oral e Arquitectura.

Recibido informe do servizo de Arquitectura, de data 18/10/2023 (CSV: 1OGCQ1ZOE97C5RQ3) a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 26/10/2023, presta conformidade as puntuacións acadadas, e procede á apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliábel mediante criterios automáticos, das empresas que alcanzan a puntuación mínima do 50 % da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor (sobre B), esixida nos pregos para continuar no procedemento.

Unha vez examinadas as ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 02/11/2023, acordou clasificar por orde decrecente de puntuación as ofertas; e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do contrato a favor D. Francisco Outón Estévez (DNI: 35787420H), polos prezos e valores ofertados.



Mediante Resolución Presidencial número 2023008380 de 08/11/2023, o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require ó licitador D. Francisco Outón Estévez (DNI: 35787420H), que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

O licitador D. Francisco Outón Estévez (DNI: 35787420H) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB 2023064795 de data 24/11/2023) cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento.

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para as contratacións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o contrato de “*Arrendamento dun local para emprazar a oficina periférica do ORAL no Concello de Pontearreas*”, a D. Francisco Outón Estévez (DNI: 35787420H), polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte:

a. Prezo mensual e total ofertado:

| | |
|--------------------------------------|----------------|
| Prezo mensual ofertado sen IVE | 1.200,00 €/mes |
| IVE (21%) | 252,00 €/mes |
| Prezo mensual ofertado total con IVE | 1.452,00 €/mes |

| | |
|-----------------------|-------------|
| Importe total sen IVE | 72.000,00 € |
| IVE (21%) | 15.120,00 € |
| Importe total con IVE | 87.120,00 € |

- b. Metros cadrados de superficie construída do local ofertado: 150
- c. Metros de distancia entre o local ofertado e a Casa Consistorial do municipio de Pontearreas: 20
- d. Metros de distancia entre o local ofertado e unha zona de estacionamento de vehículos: 180
- e. Aseo dispoñible no local, que cumpra coa normativa vixente, a maiores do mínimo esixido: SI



O prazo de duración do contrato será de 5 anos, contados dende a posta a disposición do local, establecéndose a posibilidade de 5 prórrogas anuais.

Responsable do contrato: Martín Iglesias Ferreirós, Xefe do servizo de Coordinación do ORAL

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato para o ano 2023 financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 23/932.9320.202.00 do vixente orzamento provincial, e as dos anos 2024, 2025, 2026, 2027 e 2028, contabilizaranse nas correspondentes aplicacións, que serás, no seu caso, a 932.9320.202.00, quedando condicionado o gasto á aprobación do seu respectivo orzamento e á existencia de crédito axeitado e suficiente no mesmo. O cadro de financiamento previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data da súa formalización.

Forma de pagamento: PARCIAL

Fitos de facturación:

O pago da renda realizarase mensualmente, a mes adiantado, previa presentación pola persoa arrendadora do correspondente recibo ou documento que o substitúa.
Nos supostos de duración inferior á mensual, o importe ratearase en función dos días de vixencia do contrato.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicatario ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FAcE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

| | | | | | |
|-----------------|----------------------------|----------------------|------------|-------------------|-----------|
| Administración: | L02000036 (CIF: P3600000H) | Núm. de exp.: | 2023010415 | | |
| Órgano xestor: | LA0006136 | Unidade tramitadora: | LA0006135 | Oficina contable: | LA0006135 |

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.



Persoas físicas: As persoas físicas estarán excluídas da obriga de presentar factura en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, podendo presentar as facturas, se o desexan, na sede electrónica, no Rexistro xeral ou nos auxiliares da Deputación de Pontevedra.

4.33217.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A “ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO, DA SUBMINISTRACIÓN DE ILLAS ECOLÓXICAS E DISPOSITIVOS PARA O RECICLAXE DE RESIDUOS ESPECIAIS DO PROXECTO “DA TÚA MAN” (RURAL II) PRESENTADO Á CONVOCATORIA DE AXUDAS 2023 PARA O APOIO DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN ZONAS RURAIS COFINANCIADO POLO MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU”.
(Expte.2023066084)

A Deputación de Pontevedra, a través do servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local e nesta actividade en concreto, basease na cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial tal e como sinala o art. 36.1.d da Lei de Bases de Réxime local. A tal efecto os obxectivos desta institución están en liña co Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia así como coa convocatoria e proxecto que se pretende executar.

Neste sentido, a Deputación de Pontevedra aprobou un Plan de Reactivación con motivo da pandemia COVID-19 ca finalidade de fortalecer e impulsar a actividade de sectores estratéxicos da nosa provincia prestando especial atención ao produto e comercio local. Dito Plan centrouse en tres tipos de actuacións: asesorar e mellorar as habilidades dixitais dos pequenos negocios (especialmente o comercio e hostalaría), fomentar o consumo no comercio local, así como os produtos de km 0 e reparto de material publicitario nos municipios de menos de 20.000 habitantes.

O 14 de marzo de 2023 publicouse no Boletín Oficial do Estado número 62 o Extracto da Resolución da Secretaría de Estado de Comercio de 10 de marzo de 2023, pola que se aproba a convocatoria 2023 da liña de axudas para o apoio da actividade comercial en zonas rurais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia cuxas bases reguladoras recóllense na Orde ICT/950/2021, de 10 de setembro (BOE núm. 218 de 11 de setembro de 2021), modificada pola Orde ICT/566/2022 de 15 de xuño (BOE núm. 148 de 22 de xuño de 2022) e a Orde ICT/185/2023 de 22 de febreiro (BOE núm. 49 de 27 de febreiro de 2023). As axudas que se financian conforme a esta Orde enmárcanse na inversión 4.2.2, apoio ao comercio, do compoñente 13, impulso á Pyme, do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España.



En consecuencia, a Deputación de Pontevedra presentou o proxecto “Da Túa Man” á citada convocatoria, que ten as seguintes características: Visibilizar e modernizar ao pequeno comercio local adaptándoo aos novos hábitos de consumo a través da implantación e uso das novas tecnoloxías e o desenvolvemento de prácticas que promovan a economía circular (redución na creación de residuos, promoción da reciclaxe e reutilización dos residuos) así como unha mellora no acondicionamento dos espazos que sirva para ofrecer un servizo óptimo á poboación local e de foco de atracción de visitantes.

Así mesmo, preténdese crear vínculos en toda a cadea de valor do comercio local e o produto de km 0 para impulsar unha estratexia común implicando ás comunidades locais e da man dos Concellos e a Deputación de Pontevedra, aproveitando as potencialidades e recursos endóxeos (produtos locais, culturais e turísticos) destes termos municipais para favorecer a empregabilidade e permanencia dos veciños no territorio.

En base ao exposto, con data 30/10/2023, o vicepresidente segundo, e o xefe do servizo de Promoción de Emprego, dita providencia inicio na que propón a contratación da Subministración de illas ecolóxicas e dispositivos para o reciclaxe de residuos especiais do proxecto “Da túa man” (rural II) presentado á convocatoria de axudas 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Visto que con data 13/11/2023, a Intervención emite documentos de retención de crédito número 202300226643 polo importe de 130.438,00 euros, para o lote nº 1 e núm. 202300226802 por importe de 59.290,00€ para o lote nº 2, con cargo a aplicación orzamentaria 23/240.4316.652.99 (Prox gasto 92310006 DA TÚA MAN RURAL II) do vixente orzamento provincial.

Tendo en conta que, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación (csv 6W7ERDMNMQP5MMGB), na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de subministración. O procedemento a aplicar é o procedemento aberto, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 16/11/2023, e as observacións contidas no mesmo.

Vistas as aclaracións realizadas na documentación preparatoria do expediente, polo servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local, reflectida no informe de data 22/11/2023.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 23/11/2023 coas seguintes observacións e recomendacións:

“1.- Respecto dos apartados 6, 7 e 8 dos aspectos específicos PRTR: O subproxecto correspondente á actuación proposta non establece fitos e obxectivos, nin obrigas referidas ao etiquetado verde ou dixital de aplicación, o que xustifica a non inclusión destas referencias nos pregos nin na documentación anexa.”



2.- Os pregos de prescricións técnicas particulares deben contar coa conformidade dunha persoa técnica do Servizo de Arquitectura (ou outra competente na materia) e, respecto do recollido na cláusula 7 (Condicións de seguridade, permisos e licenzas) sobre a obtención dos permisos, licenzas e autorizacións que foran necesarias para a execución dos traballos que correrán a cargo dos concellos beneficiarios do proxecto Da Túa Man (Rural), sinalar que debe verificarse que esta condición se cumpre por parte dos concellos, debendo estar a disposición da Deputación antes da realización da prestación por parte da empresa que resulte adxudicataria.

3.- Na cláusula 10.1 do apartado I. "Cláusulas particulares" do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, con carácter xeral deben, sempre e cando sexa posible, primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.

No informe técnico de valoración das ofertas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non fíxeren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada criterio/subcriterio.

4.- A duración do contrato estímase en 5 meses desde a súa formalización e, en todo caso, ata o 31 de maio de 2024. Tendo en conta a data na que nos atopamos, a fase na que se atopa o expediente e que a totalidade do financiamento se establece con cargo á respectiva aplicación do exercicio 2023, sinalar que debe terse en conta o principio de temporalidade dos créditos, polo que a súa duración debería establecerse ata o 31 de decembro de 2023 ou imputar ao exercicio orzamentario 2024 a parte de gasto correspondente.

5.- Recordar que, en todo caso, con carácter previo á adxudicación deberá acreditarse o cumprimento das esixencias en materia de análises de risco de conflito de intereses, nos termos definidos na Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, de maneira que ademais da sinatura dos DACI, se incorpore o resultado da análise correspondente á aplicación MINERVA.
CONCLUSIÓN: Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o disposto anteriormente e coa condición sinalada no punto 2 das observacións."

Tendo en conta o artigo 16 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de subministración os contratos que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro, con o sen opción de compra, de produtos ou bens mobles.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta o Presidente para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, da “*Subministración de illas ecolóxicas e dispositivos para o reciclaxe de residuos especiais do proxecto “Da túa man” (Rural II) presentado á convocatoria de axudas 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU*”, de acordo co seguinte detalle:

| | Lote nº 1 Illas ecolóxicas. | Lote nº 2 Dispositivos para o reciclaxe de residuos especiais. | Total |
|-----------------------------------|-----------------------------|--|-------------|
| Orzamento base licitación sen IVE | 107.800,00€ | 49.000,00€ | 156.800,00€ |
| 21% de IVE | 22.638,00€ | 10.290,00€ | 32.928,00€ |
| Orzamento base licitación co IVE | 130.438,00€ | 59.200,00€ | 189.728,00€ |

O prazo máximo de duración será de 5 meses contados a partires da formalización do contrato, en todo caso, antes do 31 de maio de 2024.

No suposto de que o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo conceda prórrogas no marco da convocatoria do proxecto Da túa Man presentada pola Deputación de Pontevedra poderá ampliarse a data límite prevista para a execución do contrato ata un máximo de 2 meses e medio adicionais.

No obstante, a Deputación de Pontevedra resérvase a facultade de renunciar ao contrato no caso de que non sexa posible a súa adxudicación antes do 31 de decembro do 2023, agás que o Ministerio de Política Territorial aprobe unha nova ampliación do prazo de execución do proxecto antes da data indicada.

En todo caso, a adxudicación quedará condicionada a acreditación do cumprimento das esixencias en materia de análises de risco de conflito de intereses, nos termos definidos na Orde HFP/ 55/ 2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, de maneira que ademais da sinatura dos DACI, se incorpore o resultado da análise correspondente á aplicación MINERVA.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (csv: 50EQXBKD2CBWNJJV) e de prescricións técnicas (csv: 9SST3JMZ769S6QLT) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 189.728,00 € (lote 1: 130.438,00€ e Lote 2: 59.290,00€), con cargo á aplicación orzamentaria 23/240.4316.652.99 (Prox gasto 92310006 DA TUA MAN NO RURAL II).



4.- Nomear responsable do contrato a Manuel Corujo Castro, Xefe do Servizo de Promoción de emprego da Deputación de Pontevedra.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.

5.33218.- APROBACIÓN DO ESTABLECEMENTO DUN SISTEMA DINÁMICO DE “ADQUISICIÓN DE VESTIARIO PARA O PERSOAL DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte.2023051458)

O artigo 59 do V Acordo regulador do persoal Funcionario e o artigo 73 do Convenio colectivo para o persoal laboral da Deputación Provincial de Pontevedra prevén que a Deputación estará obrigada a proporcionar equipos de protección individual para protexer a persoa traballadora de situacións inseguras durante a realización do seu labor, á marxe da roupa de traballo facilitada ás persoas traballadoras que ocupen un posto que non implique riscos. Así mesmo sinalan que ás persoas traballadoras que non utilicen EPI para desempeñar as súas funcións facilitaráselles roupa de traballo e calzado profesional homologado, cando as condicións e a natureza do traballo o requiran. Faise por tanto necesario dotar a dito persoal de vestiario e a roupa de traballo establecida no mesmo.

Con data 11 de agosto de 2023, o Presidente dita providencia de inicio do expediente para o establecemento dun sistema dinámico de adquisición de vestiario para o persoal da Deputación de Pontevedra, dividíndose nas seguintes categorías:

- Categoría nº 1: Vestiario laboral e equipos de protección individual.
- Categoría nº 2: Uniformidades e complementos.

Tendo en conta que, con data 27 de novembro de 2023 o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de subministracións e, en prol de conseguir unha mellor eficiencia nos recursos públicos e dentro dunha estratexia que conleva unha planificación dos contratos e a procura de solucións, proxecta implementar para esta necesidade un sistema dinámico de adquisición enmarcado dentro da sección 3ª, do Capítulo II, racionalización técnica da contratación, do Título I do Libro II.

Visto o informe favorable emitido pola Secretaría Xeral con data 15 de novembro de 2023.

Visto o informe favorable emitido pola Intervención con data 27 de novembro de 2023.

Tendo en conta que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: *“A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”*



Visto que o artigo 223 da Lei 9/2017, sinala que os órganos de contratación poderán articular sistemas dinámicos de adquisición de obras, servizos e subministracións de uso corrente cuxas características, xeralmente dispoñibles no mercado.

Tendo en conta que o artigo 224 e 226 da LCSP, determina que para contratar no marco dun sistema dinámico de adquisición seguiranse as normas do procedemento restrinxido, sendo obxecto de licitación cada contrato que pretenda adxudicar.

Considerando que se estima que o valor dos contratos específicos superasen no seu conxunto os 100.000 €, establécese como o órgano de contratación que aprobe esta institución a Xunta de Goberno.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- 1.- Aprobar o expediente para establecer un Sistema Dinámico de Adquisición de vestuario para o persoal da Deputación de Pontevedra.
- 2.- Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas que consta no expediente, co código seguro de verificación (CSV) 2BLG9H3ULY6AMGJN.
- 3.- Iniciar a Fase I do SDA de selección de candidatos, concedendo un prazo para solicitar adhesión das empresas o sistema, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.
- 4.- Delegar na mesa de contratación a cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos e selección dos candidatos que poida acceder o SDA.
- 5.- Establecerase como órgano de contratación dos contratos específicos, para a remisión da invitación de licitación e posterior adxudicación, ao órgano competente para autorizar e dispoñer o gasto de conformidade coas Bases de Execución do Orzamento.

6.33219.- APROBACIÓN DA PRIMEIRA PRÓRROGA DO “SISTEMA DINÁMICO DE ADQUISICIÓN PARA CONTRATAR SERVIZOS DE IMPRESIÓN DE DIVERSO MATERIAL, ENCUADERNACIÓN E DISTRIBUCIÓN DE LIBROS”.
(Expte.2022015213)

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, nas súas sesións ordinarias do día 23 de setembro de 2022, 14 de outubro de 2022, 10 de febreiro de 2023 e 17 de febreiro de 2023, acordou admitir ás empresas Gráficas Eujoa, S.A. (CIF: A33032780), Mare Nostrum Servicios Gráficos, S.L. (CIF: B96472469), Taktika Comunicación S.L. (CIF: B36852846), Producciones Mic S.L. (NIF: B24301871), Artes Gráficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703), Tórculo Comunicación Gráfica S.A. (NIF A15056393) e Grafo, S.A. (NIF A48203996) nas categorías I e II do Sistema dinámico de adquisición para contratar servizos de impresión de diverso material, encadernación e distribución de libros.



Por outro lado, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 26 de maio de 2023 acordou declarar o abandono da empresa Artes Gráficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703) nas categorías I e II do Sistema dinámico de adquisición para contratar servizos de impresión de diverso material, encadernación e distribución de libros.

Así mesmo, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 22 de setembro de 2023, acordou admitir novamente á empresa Artes Gráficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703) nas categorías I e II deste Sistema dinámico de adquisición.

As empresas admitidas formalizaron o contrato en documento administrativo cunha duración inicial que comezou tras a finalización da primeira selección, unha vez publicada a formalización, e ata o 31 de decembro de 2023, establecéndose a posibilidade de dúas prórrogas dun ano de duración.

Expresárase en cada licitación a desagregación do orzamento base de licitación e a distribución por anualidades, no seu caso, estando comprendido no seu cálculo os tributos de calquera índole, indicándose como partida independente, o importe do IVE.

Visto o informe do responsable do sistema dinámico de adquisición, de data 24 de outubro do 2023 (CSV: 22QY4IIX0XB34ES), de acordo o cal na actualidade a execución do sistema dinámico de adquisición vense desenvolvendo de acordo co pactado, e segundo o previsto nos pregos que rexen a devandita contratación, polo que non se advirten incumprimentos por parte das empresas participantes no SDA que xustifiquen a improcedencia da prórroga.

De conformidade coa cláusula 4 do prego de cláusulas económico administrativas, o Sistema Dinámico de Adquisición prevé a posibilidade de dúas prórrogas dun ano de duración.

Tendo en conta o artigo 29.2 LCSP, que permite que o contrato poda prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. Así mesmo, establece que *“A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”*.

Resultando que se formulou o preaviso de prórroga do contrato ás empresas adheridas ao sistema dinámico de adquisición en data 19 de outubro de 2023 (data de comparecencia: 19/10/2023), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do sistema dinámico de adquisición.

Resultando que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.



De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 21 de novembro do 2023 (CSV: O6O7LKVYLF9ER8A4), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do responsable do sistema dinámico de adquisición, infórmase favorablemente a proposta de primeira prórroga do sistema dinámico de adquisición para contratar servizos de impresión de diverso material, encuadernación e distribución de libros por unha anualidade, desde o 01 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2024.”

O órgano que ostenta a competencia resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 01 de xaneiro de 2024.”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16^a.2 a).

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a primeira prórroga do “*Sistema Dinámico de Adquisición para contratar servizos de impresión de diverso material, encadernación e distribución de libros*” do que forman parte as empresas Gráficas Eujoa, S.A. (CIF: A33032780), Mare Nostrum Servicios Gráficos, S.L. (CIF: B96472469), Taktika Comunicación S.L. (CIF: B36852846), Producciones Mic S.L. (NIF: B24301871), Artes Gráficas Jadfel, S.L. (NIF: B36891703), Tórculo Comunicación Gráfica S.A. (NIF A15056393) e Grafo, S.A. (NIF A48203996) nas categorías I e II deste sistema dinámico de adquisición, durante o período que vai desde o 01 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2024, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

A adxudicación dos contratos específicos que deriven deste sistema serán financiados con cargo ás respectivas aplicacións orzamentarias segundo o centro xestor de que se trate, previa licitación e acreditación da existencia de crédito.

Nos expedientes que se tramiten anticipadamente, a adxudicación queda sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no respectivo orzamento para garantir as obrigas derivadas do contrato no exercicio correspondente.

O SDA non supón obriga económica ningunha para a Deputación de Pontevedra, xa que as obrigas económicas serán as que resulten dos contratos específicos que se adxudiquen no marco deste sistema.



7.33220.- APROBACIÓN DA SEGUNDA PRÓRROGA DO “SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA O DESENVOLVEMENTO DE WORKSHOPS CON ACTORES DO ÁMBITO TURÍSTICO PARA A PROMOCIÓN DO DESTINO RÍAS BAIXAS”.
(Expte.2021061290)

Na sesión ordinaria do día 18 de marzo de 2022, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato de *Servizo de asistencia técnica para o desenvolvemento de workshops con actores do ámbito turístico para a promoción do destino Rías Baixas* á empresa UTE ABRAMAR- EOSA (NIF: U09866005) polos seguintes prezos e valores ofertados:

1. Prezo ofertado:

| CONCEPTO | UNIDADES | PRECIO UNITARIO (SIN IVA) | Precio unitario (sin IVA) | TOTAL |
|--|----------|---------------------------|---------------------------|---------------------|
| Gestión y coordinación | 2 | 9248,78 | 8322,084 | 16.644,17 € |
| Sinalizadores de empresa reutilizable | 50 | 156 | 140,4 | 7.020,00 € |
| Rotulacion accesos a sede | 4 | 200 | 180 | 720,00 € |
| Photocall | 2 | 512 | 460,8 | 921,60 € |
| Letras en volumen | 2 | 668 | 601,2 | 1.202,40 € |
| Acreditaciones personalizables+landyards | 300 | 3,1 | 2,79 | 837,00 € |
| Lista de empresas/ficha de participacion en sorteo/Urna/Tarjetas de premio | 2 | 55,85 | 50,085 | 100,17 € |
| Modulo de tarima 2x1 con patas regulables en altura (20,40 60 100 Cm) | 24 | 30 | 27 | 648,00 € |
| Tarima de escenario modular m2 | 24 | 24 | 21,6 | 518,40 € |
| Moqueta ferial m2 | 20 | 6 | 5,4 | 108,00 € |
| TV plasma 65" | 4 | 296 | 266,4 | 1.065,60 € |
| Mesa control digital 64 CH entrada y 64 CH salida, 24 buses | 2 | 470 | 423 | 846,00 € |
| Caja digital 32/24 | 2 | 220 | 198 | 396,00 € |
| Caja auto amplificada 1000W mínimo 12" | 2 | 50 | 45 | 90,00 € |
| Caja de son dispersión lineal 22,5- 60 grados 1200W | 2 | 50 | 45 | 90,00 € |
| Amplificador digital 4 X 1800W 4OHM AES | 2 | 75 | 67,5 | 135,00 € |
| Micrófono inalámbrico digital | 4 | 45 | 40,5 | 162,00 € |
| Micrófono de cable necesarios para amplificación instrumental | 10 | 25 | 22,5 | 225,00 € |
| Distribuidor de prensa 24ch con ganancias independientes | 2 | 50 | 45 | 90,00 € |
| Ordenador portátil mínimo 17 pulgadas | 2 | 100 | 90 | 180,00 € |
| Servicio de restauración | 300 | 50 | 45 | 13.500,00 € |
| Actuación musical o similar | 2 | 2450 | 2205 | 4.410,00 € |
| Presentador o presentadora | 2 | 2450 | 2205 | 4.410,00 € |
| Alquiler de sala | 2 | 1113 | 1001,7 | 2.003,40 € |
| Costes de la gestión de los asistentes del destino Rías Baixas | 50 | 696 | 626,4 | 31.320,00 € |
| PRECIO OFERTADO PARA 2 WORKSHOP AL AÑO (sin IVA) | | | | 87.642,74 € |
| IVA (21%) | | | | 15.569,97 € |
| IVA (10%) | | | | 1.350,00 € |
| PRECIO OFERTADO PARA 2 WORKSHOP AL AÑO (con IVA) | | | | 104.562,71 € |



2.- Experiencia do xefe/a de proxecto en workshops ofertada superior á mínima esixida nos pregos.

| | |
|--|----|
| <i>Número de traballos (workshops independentemente da temática –excepto de promoción turística-) para Administracións Públicas ou Organismos Públicos e Entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de elas que a persoa proposta para a xefatura do proxecto acredite ter dirixido, a maiores dos mínimos esixidos nos pregos (5 traballos nos últimos 5 anos).</i> | 42 |
|--|----|

| | |
|--|-----|
| <i>Número de traballos (workshops de promoción turística) para Administracións Públicas ou Organismos Públicos e Entidades de dereito público vinculadas ou dependentes delas que a persoa proposta para a xefatura do proxecto acredite ter dirixido, a maiores dos mínimos esixidos nos pregos (5 traballos nos últimos 5 anos).</i> | 116 |
|--|-----|

3.- Experiencia do/a xestor/a do proxecto superior á mínima establecida nos pregos ofertada.

| | |
|---|----|
| <i>Número de traballos (workshops independentemente da temática –excepto de promoción turística-) para Administracións Públicas ou Organismos Públicos e Entidades de dereito público vinculadas ou dependentes delas en cuxa organización acredite ter participado a persoa proposta para a xestión do proxecto, a maiores dos mínimos esixidos nos pregos (3 traballos nos últimos 5 anos).</i> | 21 |
|---|----|

| | |
|---|-----|
| <i>Número de traballos (workshops de promoción turística) para Administracións Públicas ou Organismos Públicos e Entidades de dereito público vinculadas ou dependentes delas en cuxa organización acredite ter participado a persoa proposta para a xestión do proxecto, a maiores dos mínimos esixidos nos pregos (3 traballos nos últimos 5 anos).</i> | 108 |
|---|-----|

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 18 de abril de 2022 e o prazo de duración vai desde a formalización ata o 31 de decembro de 2022, con posibilidade de tres prórrogas dunha anualidade de duración cada unha delas.

Por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 09 de decembro de 2022, adoptou, entre outros o acordo de aprobación da primeira prórroga do contrato que rexe a prestación do “Servicio de asistencia técnica para o desenvolvemento de workshops con actores do ámbito turístico para a promoción do destino Rías Baixas”, subscrito coa empresa UTE ABRAMAR-EOSA (NIF: U-09.866.005), durante o período 01 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexén.

Con data 25 de outubro de 2023 a Xefa do Servizo de Turismo, emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período de un ano, con efectos de 01 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2024.



Tendo en conta que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que “*A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes*”.

Tendo en conta que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 17 de outubro de 2023, e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que, con data 13 de novembro do 2023, a Intervención emitiu documento de retención de crédito para exercicios futuros número de operación 202300226707, polo importe de 104.562,71 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 23/433.4320.227.75, para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato durante o ano 2024.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 21 de novembro do 2023, que conclúe o seguinte:

En atención ao exposto e, destacadamente, dos informes dos responsables do contrato, infórmase favorablemente a proposta de segunda prórroga do contrato de “Servizo de asistencia técnica para o desenvolvemento de workshops con actores do ámbito turístico para a promoción do destino Rías Baixas” por unha anualidade, desde o 01 de xaneiro do 2024 ao 31 de decembro do 2024.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 01 de xaneiro de 2024.

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a),

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a segunda prórroga do contrato do servizo “*Servizo de asistencia técnica para o desenvolvemento de workshops con actores do ámbito turístico para a promoción do destino Rías Baixas*” subscrito coa empresa UTE ABRAMAR – EOSA (U09866005), durante o período 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2024, ambos inclusive, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto (104.562,71 €, co IVE) é para a toda a duración da prórroga e financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 24/433.4320.227.75.

O importe de gasto quedará condicionado á aprobación do orzamento do exercicio 2024 e á existencia de crédito adecuado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria.



8.33221.- APROBACIÓN DA TERCEIRA PRÓRROGA DO “SERVIZO DE XESTIÓN INTEGRAL DA CAMPAÑA ANUAL DE COMUNICACIÓN E PROMOCIÓN TURÍSTICA DO DESTINO RÍAS BAIXAS”. (Expte.2020034094)

Na sesión ordinaria do día 22 de xaneiro de 2021, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato de *Servizo de xestión integral da campaña anual de comunicación e promoción turística do destino Rías Baixas* á empresa *Avante Evolución de Medios, S.L.U.* (NIF: B-70.509.971) polo seguinte prezo e valores ofertados:

a) Prezo ofertado xestión e coordinación:

| | |
|------------------------|-----------|
| Importe sen o IVE | 5.000,00€ |
| IVE (21%) | 1.050,00€ |
| Importe total ofertado | 6.050,00€ |

b) Comisión da axencia sobre a contratación de medios, soportes e espazos publicitarios off-line:
% comisión da axencia off line (máximo 3%): 0,00 %

c) Comisión da axencia sobre a contratación de medios, soportes e espazos publicitarios on-line:
% comisión da axencia on-line (máximo 4%): 0,00 %

d) Comisión da axencia sobre a contratación de medios, soportes e espazos publicitarios mediante compra programática:
% comisión da axencia (máximo 1%): 0,00 %

e) Comisión da axencia sobre a contratación de medios, soportes e espazos publicitarios mediante xestións pola Deputación de Pontevedra:
% comisión da axencia (máximo 0,5%): 0,00 %

f) Comisión da axencia sobre custos de contratación externa:
% comisión da axencia (máximo 6%): 0,00 %

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 26 de febreiro de 2021 e o prazo de duración vai desde a data de formalización do contrato ata o 31 de decembro 2021, con posibilidade de tres prórrogas anuais.

Por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 17 de decembro de 2021, adoptou, entre outros o acordo de aprobación da primeira prórroga do contrato que rexe a prestación do “*Servizo de xestión integral da campaña anual de comunicación e promoción turística do destino rías baixas*”, subscrito coa empresa *Avante Evolución de Medios, S.L.U.* (NIF: B-70.509.917), durante o período 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro de 2022, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.



Por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 18 de novembro de 2022, adoptou, entre outros o acordo de aprobación da segunda prórroga do contrato que rexe a prestación do “*Servizo de xestión integral da campaña anual de comunicación e promoción turística do destino rías baixas*”, subscrito coa empresa Avante Evolución de Medios, S.L.U. (NIF: B-70.509.917), durante o período 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

Con data 23 de outubro de 2023 a Xefa do Servizo de Turismo Rías Baixas, emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período de un ano, con efectos de 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2024.

Tendo en conta que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que “*A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes*”.

Tendo en conta que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 10 de outubro de 2023, e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que, con data 13 de novembro do 2023, a Intervención emitiu documento de retención de crédito para exercicios futuros número de operación 202300226709, polo importe de 170.013,48 €, con cargo á aplicación orzamentaria 23/433.4320.226.02, para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato durante o ano 2024.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 21 de novembro do 2023, que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, dos informes dos responsables do contrato, infórmase favorablemente a proposta de terceira prórroga do contrato de “Servizo de xestión integral da campaña anual de comunicación e promoción turística do destino Rías Baixas - 2021” por unha anualidade, desde o 01 de xaneiro do 2024 ao 31 de decembro do 2024.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 01 de xaneiro de 2024.

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a),



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

1.- Aprobar a terceira prórroga do contrato do servizo “*Servizo de xestión integral da campaña anual de comunicación e promoción turística do destino Rías Baixas - 2021*” subscrito coa empresa Avante Evolución de Medios, S.L.U. (NIF: B70509971), durante o período 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2024, ambos inclusive, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto (170.013,48€ co IVE) é para a toda a duración da prórroga e financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 24/433.4320.226.02.

O importe de gasto quedará condicionado á aprobación do orzamento do exercicio 2024 e á existencia de crédito adecuado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria.

9.33222.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚMERO 3 DA OBRA “ACTUALIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE CLIMATIZACIÓN E VENTILACIÓN DO PAZO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA” (Expte.2020056692)

Resultando.- Por Resolución Presidencial RP número 2023004280 de data 29 de maio de 2023, adjudícase a obra “*Actualización das instalacións de climatización e ventilación do Pazo Provincial de Pontevedra*” á empresa Deseño, enxeñería e xestión de obras S.L. (B-94129368) importe de 96.418,45 € (IVE engadido) e cun prazo de execución de setenta e cinco días a contar desde a data de formalización da acta de comprobación de replanteo, segundo a RP número 2023004494 pola que se rectifica o prazo de execución do contrato.

A formalización do contrato realizouse en data 8/06/2023, dando comezo o prazo de 1 mes para asinar a correspondente acta de comprobación do replanteo.

Resultando.- En data 6/07/2023, asínase a acta de comprobación de replanteo negativa, polos seguintes motivos:

“*Non se pode dar comezo ao inicio das obras:*

1.- *Pendente aprobación Plan Seguridade e Saúde.*

2.- *Suministro do equipo de climatización fóra de prazo (outubro 2023), valorando equipo equivalente que entre en prazo.*”

Resultando.- Que con data 23/08/2023 asínase entre o contratista e o director de obra, a acta de comprobación de replanteo.

Resultando.- Que en relación coa fiscalización da certificación nº 3, emitiu informe a Intervención en data 22/11/2023, recolle a seguinte observación:

“*Se ben consta no expediente unha acta de comprobación de trazado negativa, non consta a aprobación do inicio da suspensión de execución do contrato, comezando as obras mes e medio despois da acta de comprobación de trazado negativa.*

CONCLUSIÓN

“*Vistos os defectos sinalados, e dado que as unidades de obra que se certifican xa se executaron, procedería a aprobación desta seguindo o procedemento extraordinario de validación do gasto, ou, no seu caso, se concorren os requisitos legalmente esixidos, acordar a validación da suspensión.*”



Considerando.- O disposto no artigo 54 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, relativo a validación dos actos anulables.

Considerando.- Que o artigo 140 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, establece nos seus apartados 1 e 2 referidos á acta de comprobación de replanteo e os seus efectos, o seguinte: “1. *A acta de comprobación de replanteo reflexará a conformidade ou disconformidade do mesmo respecto dos documentos contractuais do proxecto, con especial e expresa referencia ás características xeométricas da obra, á autorización para a ocupación dos terreos necesarios e a calquera punto que poda afectar ó cumprimento do contrato.*

Considerando.-Que segundo recolle a base 17ª de execución do actual presuposto, en referencia ó recoñecemento e liquidación da obriga, no suposto de que no proceso de fiscalización se detecte unha certificación non cumpra algún dos requisitos esenciais esixibles, e os requisitos incumpridos non implican a nulidade radical da obriga, validaraos a Xunta de Goberno.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a certificación nº 3 da citada obra, autorizar o compromiso do gasto e a validación da seguinte obriga, debendo librarse os seus importes con cargo a aplicación que se cita e co seguinte detalle:

| EMPRESA | Aplicación orzamentaria | Importe |
|--|--------------------------|------------|
| DESEÑO ENXEÑERÍA E XESTIÓN DE OBRAS S.L. | | |
| (NIF B-94129368) | 23/457-4500-622.03.2021 | 11.348,02€ |
| | SUBTOTAL | 11.348,02€ |
| Taxa dirección de obra (4% PEM Adx) | Id. | 315,24€ |
| Control de calidade (3% PEM Lic) | | 260,10€ |
| Total descontos | Id. | 575,34€ |
| | TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR | 10.772,68€ |

- 10.33223.- SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 8004 CALDAS-VILANOVIÑA, P.Q. 0+000 AO P.Q. 8+213 (CONCELLOS DE CALDAS DE REIS, PORTAS, VILANOVA DE AROUSA E MEIS)”. (Expte.2022070657)

Retírase da orde do día expediente relativo á “Suspensión da execución do contrato de obras “Mellora da seguridade viaria na E.P. 8004 Caldas-Vilanoviña, P.Q. 0+000 ao P.Q. 8+213 (Concellos de Caldas de Reis, Portas, Vilanova de Arousa e Meis)” (Expte.2022070657)”



11.33224.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA, CONSTITUÍDA POLA EMPRESA CONSTRUCCIONES ENRIQUE C. CASAS, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE Á OBRA “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E SENDA PEONIL NA EP-5105 MACEIRA-A GRAÑA, DENDE O P.Q. 10+250 ATA O P.Q. 11+350 (COVELO)”(Expte. 2018057137) (Devogarán 2021003814)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 31 de xaneiro de 2020 (CSV.- NLRN7G3UCP0WULQL), adxudicouse, mediante procedemento aberto simplificado, a contratación da obra de “Mellora da seguridade viaria e senda peonil na E.P. 5105 Maceira-A Graña, P.Q. 10+250 ao 11+350 (Concello de Covelo)”. (Expte. 2018057137)

Para responder da realización deste servizo, a empresa *Construcciones E.C. Casas, S.L.* (B-36147429), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, que é o seguinte:

| EMPRESA | IMPORTE | CARTA PAGO | DATA |
|---|-----------|--------------|------------|
| CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L. (B-36147429) | 9.348,76€ | 202000015979 | 23/01/2020 |

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV.- 64EZTVKSYGZPU7B7), no cal indica que, considerando que se cumpriu o período de garantía ofertado (36 meses) dende a recepción das obras con data 22/09/2020, procede a devolución da fianza definitiva constituída polo contratista polo 5% do prezo de adxudicación, por importe de Nove mil trescentos corenta e oito euros con setenta e seis céntimos (9.348,76 €), segundo consta na carta de pagamento núm. 202000015979, de data 23/01/2020.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- HQJEFK1R8DS8983N), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil *Construcciones E.C. Casas, S.L.* (B-36147429), dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.



A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de obra de “*Mellora da seguridade viaria e senda peonil na E.P. 5105 Maceira-A Graña, P.Q. 10+250 ao 11+350 (Concello de Covelo)*” (Expte. 2018057137), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída pola entidade mercantil *Construcciones E.C. Casas, S.L. (B-36147429)*, mediante aval de *BBVA*, inscrito no Rexistro Especial de Avals número 0182000974575, por importe de 9.348,76€, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 23/01/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000015979.

12.33225.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL NÚMERO 2023008938 DE DATA 27/11/2023 POLA QUE SE ADXUDICA O “CONTRATO DE PATROCINIO DEPORTIVO DO PARTIDO OFICIAL DA SELECCIÓN DE FÚTBOL FEMININO “ESPAÑA VS ITALIA” DA NATIONS LEAGUE FEMININA, Á FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE FÚTBOL, MEDIANTE PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E EXCLUSIVIDADE”. (Expte.2023065706)

A disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación no Patrocinio deportivo “WOMEN’S NATIONS LEAGUE 2023”. Dita competencia atópase delegada na base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €.

Tendo en conta o artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, que permite aos órganos delegantes avocar para si o coñecemento dun asunto cando determinadas circunstancias fagan conveniente; precisándose que a avocación sexa motivada.

Debido que o partido oficial da selección de fútbol feminino “*España VS Italia*” da Nations League Feminina xogarase o próximo venres día 1 de decembro de 2023 e que a celebración das sesións ordinarias da Xunta de Goberno están xa predeterminadas, non daría tempo a adxudicación deste contrato con antelación suficiente á celebración do mesmo.



A Presidencia con data 27 de novembro de 2023 ditou a Resolución Presidencial número 2023008938 adxudicando á *Federación Española de Fútbol* (Q2878017I), o procedemento negociado por exclusividade para o patrocinio deportivo “WOMEN’S NATIONS LEAGUE 2023”, cuxo contido literal é o seguinte:

“O Presidente, en virtude das facultades que ten atribuídas pola normativa local vixente, dita a seguinte RESOLUCIÓN:

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 17 de novembro de 2023, acordou aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do contrato de patrocinio deportivo do partido oficial da selección de fútbol feminino “España VS Italia” da Nations League Feminina, concedendo ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante, para a presentación de proposicións.

O anuncio de licitación de dito procedemento publicouse no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 17 de novembro de 2023. Na mesma data, publícanse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

A empresa Federación Española de Fútbol (Q2878017I) presentou con data 24/11/23 a oferta e unha vez examinada a documentación, resulta admitida no procedemento.

A oferta económica presentada pola empresa é a seguinte:

| | |
|--------------------------|--------------|
| Importe ofertado sen IVE | 170.041,32 € |
| IVE (21 %) | 35.708,68 € |
| Importe ofertado con IVE | 205.750,00 € |

Comprobada a documentación presentada, cumpre cos requisitos establecidos nos pregos. Asemade, consta no expediente a transferencia bancaria para a constitución da garantía definitiva polo importe de 8.502,07 euros.

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refíre o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indícarase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno.



Tendo en conta que, o evento deportivo será o próximo venres día 1 de decembro de 2023 e que a celebración das sesións ordinarias da Xunta de Goberno están xa predeterminadas, non daría tempo a adxudicación deste contrato con antelación suficiente á celebración do mesmo.

Tendo en conta o artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, que permite aos órganos delegantes avocar para si o coñecemento dun asunto cando determinadas circunstancias o fagan conveniente; precisándose que a avocación sexa motivada. Contra o acordo de avocación non caberá recurso, aínda que poderá impugnarse no que, no seu caso, interpóñase contra a resolución do procedemento.

Tendo en conta o disposto no artigo 116 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, RESOLVO:

1.- Avocar puntualmente as competencias delegadas na Xunta de Goberno como órgano de contratación do contrato de “Patrocinio deportivo do partido oficial da selección de fútbol feminino “España VS Italia” da Nations League Feminina (2023065706)”, debido a que a celebración das sesións ordinarias da Xunta de Goberno están xa predeterminadas e non daría tempo a adxudicación deste contrato con antelación suficiente á celebración do evento.

2.- Adxudicar o contrato de patrocinio deportivo do partido oficial da selección de fútbol feminino “España VS Italia” da Nations League Feminina, á empresa Federación Española de Fútbol (Q2878017I), polo seguinte prezo ofertado e conforme ao establecido na súa oferta::

| | |
|--------------------------|--------------|
| Importe ofertado sen IVE | 170.041,32 € |
| IVE (21 %) | 35.708,68 € |
| Importe ofertado con IVE | 205.750,00 € |

O prazo de duración do contrato comprende desde a firma do contrato ata o 1 de decembro de 2023.

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse de acordo ao seguinte desglose:

| Annualidade | Aplicación orzamentaria | Importe total (co IVE) |
|-------------|-------------------------|------------------------|
| 2023 | 23/340.3410.226.02 | 205.750,00 € |

Forma de pagamento: TOTAL

Fitos de facturación:

O prezo do contrato farase efectivo contra a presentación dunha única factura polo prezo de adxudicación do contrato. Deberase presentar coa factura unha memoria gráfica e descritiva do evento onde quede xustificada as accións do contrato.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.



Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FAcE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

| | | | | | |
|-----------------|----------------------------|---------------------|------------|-------------------|-----------|
| Administración: | L02000036 (CIF: P3600000H) | Núm. de exp.: | 2023065706 | | |
| Órgano xestor: | LA0006118 | Unidade tramitadora | LA0006135 | Oficina contable: | LA0006135 |

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: a xefatura do servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra ou persoa en quen delegue.

3.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Documento asinado electronicamente.

O que lle comunico para o seu coñecemento e efectos, significándolle que contra o acordo de avocación non caberá recurso, aínda que poderá impugnarse o que, no seu caso, se interpoña contra a resolución do procedemento, e, de acordo co disposto na Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, contra o resto do acordo, que esgota a vía administrativa, pode interpor:

- Con carácter potestativo, recurso especial en materia de contratación regulado nos artigos 44 e seguintes da citada Lei, no prazo de 15 días hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel en que se notificara a adxudicación de conformidade co disposto na disposición adicional décimo quinta da LCSP aos candidatos ou licitadores que fosen admitidos no procedemento.
- O recurso contencioso administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Todo iso, sen prexuízo de que poida exercer calquera outro recurso que estime pertinente.”

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade tomar coñecemento do contido da Resolución Presidencial número 2023008938 de data 27 de novembro de 2023 na que se avocou a competencia delegada na Xunta de Goberno para poder axilizar o trámite de adxudicación á Federación Española de Fútbol (Q2878017I), do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, por un importe de 205.750,00 € (IVE incluído)



13.33226.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DO CONCELLO DE CALDAS DE REIS Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA, AO ABEIRO DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA CON POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS DE PROXECTOS SUBVENCIONABLES AO ABEIRO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA NO ÁMBITO DO TURISMO DEPORTIVO SOSTIBLE (COMPOÑENTE 26, INVESTIMENTO 2). (Expte.2023031721)

Ao abeiro da convocatoria de subvencións a entidades locais da provincia de Pontevedra con poboación inferior a 50.000 habitantes para o financiamento dos gastos derivados da presentación de candidaturas de proxectos subvencionables ao abeiro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia no ámbito do Turismo Sostible (compoñente 26, Investimento 2) (bases reguladoras aprobadas por acordo da Xunta de Goberno da Corporación Provincial do 31 de marzo de 2023 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, núm. 65, de 3 de abril de 2023), mediante acordo núm. 2.32751 de 16/06/2023, a Xunta de Goberno da Deputación acordou a concesión dunha subvención, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao Concello de Caldas de Reis, por importe de 5.000,00 euros, co obxecto do financiamento da actuación “Redacción proxecto para a mellora na cuberta e/ou pavimentos do pavillón municipal Caldas”.

En data 24/11/2023, o Concello presenta no rexistro da Deputación de Pontevedra (WEB2023064793) unha comunicación da Alcaldía presentando a renuncia á subvención concedida debido a que “o concello de Caldas de Reis non levou a cabo a actuación obxecto de subvención de redacción proxecto para a mellora na cuberta e/ou pavimentos do pavillón municipal Caldas, polo que non se xustificou a subvención en prazo.” Isto supón o incumprimento que non fai posible o cobro da subvención concedida.

En data 24/11/2023 a xefa do Servizo de Cooperación emite informe-proposta favorable a aceptación da renuncia.

En data 24/11/2023 a Intervención provincial emite dilixencia de conformidade respecto do informe-proposta do Servizo de Cooperación.

FUNDAMENTOS XURIDICOS

Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).



- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEO).
- Bases reguladoras de subvencións a entidades locais da provincia de Pontevedra con poboación inferior a 50.000 habitantes para o financiamento dos gastos derivados da presentación de candidaturas de proxectos subvencionables ao abeiro do PLAN DE Recuperación, Transformación e Resiliencia no ámbito do turismo deportivo sostible (Compoñente 26, Investimento 2).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o presente exercicio.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 14^a da convocatoria, pola que a concesión de subvencións será instruída polo Servizo de Cooperación, correspondéndolle á súa Xefa a realización de oficio das actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Procedencia da renuncia:

- Artigo 94 de Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda os puntos 3 e 4 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia e a Administración aceptaraas de plano e declarará concluído o procedemento salvo que, téndose presentado no mesmo terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días dende que foron notificados da desistencia ou da renuncia.



CONCLUSIÓNS

O artigo 94 da LPACAP, contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión que xa non poderá exercitarse novamente, mentres que a desistencia opera unicamente sobre o procedemento e non afecta ao posible novo exercicio do dereito.

A Lei esixe como requisitos da desistencia, a solicitude do interesado dirixida ao órgano administrativo competente para resolver e a súa práctica por calquera medio que permita a súa constancia (sempre que incorpore as firmas que correspondan).

Con suxeición ao antedito, o Concello de Caldas de Reis presenta, en data 24/11/2023 a solicitude formal de renuncia á subvención concedida ao abeiro da convocatoria de subvencións a entidades locais da provincia de Pontevedra con poboación inferior a 50.000 habitantes para o financiamento dos gastos derivados da presentación de candidaturas de proxectos subvencionables ao abeiro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia no ámbito do Turismo Sostible (compoñente 26, Investimento 2) para o proxecto “Redacción proxecto para a mellora na cuberta e/ou pavimentos do pavillón municipal Caldas”.

Dado que non se ven prexudicados dereitos de terceiros nin se ve afectado o interese xeral, de acordo cos antecedentes e fundamentos de dereito, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL), e vistos o informe favorable da xefa do servizo de Cooperación, de data 24/11/2023 (CSV: 544BLYYE8RWTNXAQ) e a dilixencia de conformidade da Intervención provincial, de data 24/11/2023 (CSV: 66R8A5ZL53GE3BJC), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia do *Concello de Caldas de Reis* á subvención concedida, ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria de subvencións a entidades locais da provincia de Pontevedra con poboación inferior a 50.000 habitantes para o financiamento dos gastos derivados da presentación de candidaturas de proxectos subvencionables ao abeiro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia no ámbito do Turismo Sostible (compoñente 26, Investimento 2), co obxecto do financiamento da actuación “Redacción proxecto para a mellora na cuberta e/ou pavimentos do pavillón municipal Caldas”, expediente 2023031721.
- Determinar a imposibilidade, para o *Concello de Caldas de Reis*, de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 5.000,00 €, previamente comprometido na aplicación 2023/942.3410.762.99.
- Declarar concluso o expediente e proceder ao seu arquivo.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Caldas de Reis*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.



14.33227.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (Expte. 2023071344)

Vista a relación de facturas con número 2023071344, que contén 20 facturas e por un importe de 28.668,08€ e con CSV: DMD86NEMDIVQ4X5M, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 23/11/2023, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

| | |
|--|-------------|
| Importe total..... | 28.668,08 € |
| Descontos do IRPF..... | 0,00 € |
| Descontos do IVE soportado deducible..... | 0,00 € |
| Descontos do honorarios técnicos externos..... | 0,00 € |
| Outros descontos..... | 0,00 € |
| Total líquido..... | 28.668,08 € |

15.33228.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO “PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO” DO CONCELLO DE CATOIRA (Expte. 2023018315)

O Concello de Catoira solicitou a concesión dunha subvención para a realización do proxecto “*Programa de sensibilización e prevención da violencia de xénero*”, ao abeiro das Bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2023 (BOP nº 29 de 10 de febreiro de 2023).

A Xunta de Goberno, na súa sesión do 11 de agosto de 2023, acordou concederlle á dito concello, unha axuda económica por importe de 4.927,77 €, para o desenvolvemento de dito proxecto.

Este concello, con data de 31 de outubro de 2023 presenta no Rexistro electrónico desta Deputación Provincial un escrito con nº WEB2023060174. Neste escrito solicitan a modificación do programa presentado inicialmente, en canto ao persoal destinatario e o contido dun dos dous obradoiros incluídos no programa.

Entre os obxectivos xerais do “*Programa de sensibilización e prevención da violencia de xénero*” está fomentar a conciencia sobre a igualdade de xénero e a importancia da equidade na sociedade, promover a reflexión e o diálogo sobre estereotipos de xénero e o seu impacto nas nosas vidas e ofertar ferramentas para a promoción da igualdade de xénero na contorna cotiá. Estes obxectivos non se modificaría coa modificación proposta.



Entre as actividades programadas inicialmente dentro do proxecto atópanse a realización de dous obradoiros para a promoción da igualdade e a prevención da violencia de xénero, o primeiro “Educando en emocións” dirixido ao alumnado de educación primaria e un segundo, “Obradoiro de autoprotección e defensa persoal” dirixido inicialmente ao alumnado de Educación Secundaria. Este segundo obradoiro, dirixido ao alumnado da ESO do CPI Progreso, por motivos de axenda e organización do centro non poden facer as sesións programadas inicialmente no centro e vense na obriga de solicitar a modificación para realizar o obradoiro abríndoo á cidadanía en xeral.

Nesta modificación solicitada polo concello indícase que se levará a cabo a actividade con 3 grupos, realizándose 3 talleres de hora e media con cada un deles. Deste modo realizaranse 13,5 horas de actividade, sendo o prezo hora a 125€, resultando por tanto un total de 1.687,50€.

Dado que a primeira parte do programa denominada “Educando emocións”, dirixida a desenvolver accións e actividades de prevención e sensibilización no eido educativo dirixidas ao alumnado de educación primaria co fin de dotalos e dotalas de estratexias educativas para fomentar a igualdade de trato e de oportunidades, o orzamento total do programa quedaría como segue:

| | |
|------------------------------|-----------|
| “Educando emocións” | 2.520,00€ |
| “Na igualdade todos sumamos” | 1.687,50€ |
| Total | 4.207,50€ |

Dado que o gasto total do proxecto inicial ascendía a 5.194,10€, en base a esta cantidade se aprobou na Xunta de Goberno de 11 de agosto de 2023, a concesión ao Concello de Catoira dunha axuda de 4.927,77€. Por tanto en base á modificación solicitada, e á existencia dun novo orzamento total de 4.207,50€, corresponderíalle un total de 3.991,76€ de subvención para o “Programa de sensibilización e prevención da violencia de xénero no concello de Catoira.”

Segundo se establece no artigo 18 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e na base décimo sexta da convocatoria destas subvencións a entidade beneficiaria pode solicitar unha modificación do contido da resolución dentro do prazo de un mes dende a resolución, se non se varía a puntuación inicial da valoración da solicitude presentada e a entidade mantén a finalidade da subvención e non dana dereitos de terceiros e; tendo en conta o anterior e o artigo 64 do Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, por tratarse de causas sobrevindas, xa que dende o concello descoñecíase os inconvenientes expostos dende o centro educativo tralo comezo do curso escolar, non podendo comunicar con anterioridade dita modificación; considerase xustificada esta modificación.

Considerando que é a Xunta de Goberno, o órgano competente para a aprobación desta modificación segundo o estipulado na base décimo quinta das bases reguladoras desta convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o ano 2023.



Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a modificación do proxecto “*Programa de sensibilización e prevención da violencia de xénero*”, presentado polo *Concello de Catoira* (CIF: P3601000G), ao abeiro das bases reguladoras das subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2023.
2. A subvención que lle corresponde a dito concello trala modificación do proxecto ascende a 3.991,76€

16.33229.- CAMBIO DE INVESTIMENTOS DA AXUDA CONCEDIDA A COBIDEZA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA PARA “INVESTIMENTO NA QUEIXERÍA”, ANO 2023 (Expte. 2023019490)

Na Xunta de Goberno do 5 de maio de 2023, número de acordo 17.32620, aprobouse a concesión dunha axuda económica, por concorrencia competitiva, á *Cobideza Sociedade Cooperativa Galega*, por un importe de trinta e cinco mil euros (35.000,00 €) sobre un orzamento de 70.000,00€, destinada á “*Investimento na queixería*”, segundo as bases reguladoras das axudas a cooperativas agrogandeiras da provincia de Pontevedra para o ano 2023.

Con data 14/11/2023, recíbese escrito do presidente da *cooperativa Cobideza*, solicitando un cambio nas cubas de queixo que formas parte dos investimentos subvencionables, argumentando, que dada a reorganización da fábrica, e as circunstancias especiais de falta de compoñentes para a fabricación dos equipamentos as empresas subministradoras non se comprometen a terminar a instalación nin a manter os prezos ofertados, as demais inversións mantéñense as iniciais.

O orzamento total da nova actuación ascende a 72.684,54 €, segundo figura na documentación da solicitude, resultando algo superior o inicial, polo tanto, a contía da subvención no sufrirá modificación.

Visto o informe da Xefa do Servizo de Medio Ambiente, do 15/11/2023, o informe da Intervención Xeral, 27/11/2023, no que se informa favorablemente o presente expediente.

Considerando, que a solicitude presentase segundo o disposto na cláusula decimo cuarta das Bases Reguladoras, no artigo 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de subvencións, no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, e tendo en conta, que a modificación non varía a finalidade establecida para as axudas, que non prexudica os dereitos de terceiros, e que as puntuacións obtidas polas entidades beneficiarias non sofren ningunha modificación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar a modificación dos investimentos da axuda concedida pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial, do 5 de maio de 2023, número de acordo 17.32620, a favor de *Cobideza Sociedade Cooperativa Galega*, con CIF: F36211019, do *Concello de Lalín*, por un importe de 35.000,00€, para “*Investimentos na queixería*”.



17.33230.- COMUNICACIÓN

Dar conta de actos firmes, ditados na orde xurisdiccional contencioso-administrativo e levada a cabo a súa defensa pola Asesoría Xurídica da Deputación de Pontevedra:

Sentenza da Audiencia Provincial de Pontevedra, Sección 3ª, ditada nos autos de Recurso de Apelación nº 545/22, dimanante do procedemento ordinario nº 199/20, promovido pola “Comunidade de Montes en Man Común de Mourente” sobre acción declarativa de dominio. (Expte. 2022033470).

Dada conta que con data 24 de novembro de 2023 tivo entrada nesta Deputación sentenza da Audiencia Provincial de Pontevedra, Sección 3ª (recaída no recurso de apelación núm. 545/22, promovido pola Comunidade de Montes en Man Común de Mourente contra a sentenza do Xulgado de Primeira Instancia nº3 de Pontevedra de data 28 de abril de 2022, ditada no procedemento ordinario nº 199/20, sobre acción declarativa de dominio sobre porcións de monte veciñal denominado “Montecelo” no termo municipal de Pontevedra) na que desestima o recurso presentado pola administración provincial, ratificando a ditada en primeira instancia, con imposición de custas e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da mesma.

18.33231.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

19.33232.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as once horas e cincuenta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

